

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO
A Coruña



CLAVE: 2024/C004/000002

EXPEDIENTE : “SERVICIO DE TRABAJOS PREVENTIVOS DE MANERA MECANIZADA Y MANUAL PARA LA PREVENCIÓN Y DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTALES. DESBROCE DE VÍAS EN LAS PARROQUIAS DEL AYUNTAMIENTO DE CARBALLO. (SER 07/2024)”

ASUNTO: REQUIRIMENTO BAIXA TEMERARIA OU DESPROPORCIONADA

José Manuel Facal Fariña, Enxeñeiro do Concello de Carballo á vista do expediente, e co obxecto de emitir informe sobre a proposta económica segundo a memoria xustificativa de baixa temeraria presentada (12/06/24), despois de incorrer en “Baixa Temeraria” segundo o establecido no artigo 149 da LCSP.

INFORMA

1. OBXECTO:

Trátase de informar a proposta técnico - económica segundo o informe xustificativo de presunción de temeridade presentado pola empresa Serbergan, S.L., para a contratación de “Servicio de traballos preventivos de maneira mecanizada e manual para a prevención e defensa contra incendios forestais. Desbroce de vías nas parroquias do Concello de Carballo” (SER. 07/2024), , despois de incorrer en “Baixa Temeraria” segundo o establecido no artigo 149 da LCSP e o PCAP.

2. XUSTIFICACIÓN OFERTA ANORMALMENTE BAIXA:

A empresa licitadora achega documentación que consta nos apartados que se indican a continuación:

❖ XUSTIFICACIÓN ACHEGADA O 23/05/24

A empresa achega unha xustificación baseada en:

1. Domicilio social próximo ao concello de Carballo, o que reduce os custes operativos.
2. Experiencia e capacidade técnica, en base a traballos como subcontrata na zona de Carballo, o que radica nun coñecemento do terreo.
3. Subcontratación, indicando que non teñen necesidade de subcontratar o que repercute na eficiencia e nos custes.
4. Maquinaria en propiedade, o que elimina gastos asociados a alugamentos ou leasings
5. Cumprimento das obrigas legais a nivel medioambiental, social e laboral.

❖ ACLARACIÓN ACHEGADA O 12/06/24

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO
A Coruña



1. XUSTIFICACIÓN DE PREZOS

Nesta aclaración achega unha xustificación de como obtén o prezo ofertado. Esta xustificación baséase en:

- ✘ Custes de man de obra segundo o convenio colectivo Convenio colectivo de recuperación e reciclado de residuos e materias primas secundarias en vigor, cuns prezos de man de obra superiores aos do convenio colectivo para o sector de actividades forestais, que a criterio do técnico que subscribe deberían ser os de aplicación.
- ✘ Custes de maquinaria un pouco superiores aos indicados no estudo económico do procedemento de licitación.
- ✘ Consumos e prezos de combustibles, mediante a achega dun certificado de Fariña Maquinaria, S.L., concesionaria NEW HOLLAND sobre os consumos, e os prezos dos combustibles mediante a achega de factura do mes de abril 2024.
- ✘ Custe dos 30 km ofertados como mellora
- ✘ 40 horas de reforzo de peón para traballos manuais
- ✘ Gastos Xerais do 13%
- ✘ Beneficio industrial do 6,5%

3. ANÁLISE XUSTIFICACIÓN

A empresa basea os prezos ofertados basicamente en:

- Na aplicación do convenio colectivo de recuperación e reciclado de residuos e materias primas secundarias en vigor, cuns prezos de man de obra superiores aos do convenio colectivo para o sector de actividades forestais, que a criterio do técnico que subscribe deberían ser os de aplicación.
- Nos consumos dos tractores, moi inferiores aos indicados no estudo económico da licitación, despois de consultar cos nosos tractoristas, o consumo medio dos nosos tractores co brazo desbrozador atópase entre 6 e 7 litros/hora, estímase correcto os 9,3 litros/hora indicados.
- No prezo do combustible que no estudo económico figura 1,55€/litro e achega factura de compra do mes de abril do 2024 por importe de 1,44€/litro.
- Incorpora os custes dos 30Km ofertados como mellora do contrato.
- Achega un reforzo de peón de 40horas como custe se fora preciso.
- Ten a maquinaria en propiedade.
- Non subcontratará.
- Coñece o concello e o traballo por que xa traballou como subcontrata neste mesmo contrato do ano 2022.

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO
A Coruña



4. CONCLUSIÓN

Vista a documentación achegada pola empresa Serbergan, S.L., o técnico que subscribe ACONSELLA ESTIMAR A XUSTIFICACIÓN presentada en base aos argumentos expostos, sen prexuízo de opinións mellor fundadas e do que determine a mesa de contratación.

O Xefe do Servicio de Proxectos e Obras Pública e Infraestruturas .- José M. Facal Fariña (Sinatura dixital)